

► A poesía erotiza a linguaxe e o mundo, porque ela mesma, no seu modo de operación, é xa erotismo ► Unha voz, a de Lucía Novas, que afina as súas notas poéticas no vidro finísimo da sensibilidade erótica, dialogando en delicadeza rilkeana co amor albiscado e sentido

Lucía Novas: topografías compartidas do amor



Miguel
Anxo
Fernán
Vello

*QUIXERA contigo compartir o silencio,
a suave sombra do castiñeiro isolado,
o violeta salferido nos pétalos devorados
por boca
(ai o beixo que fai nacer a humidade),
os estanques mornísimos que agroman nas seivas,
as furnas misteriosas que amosan
delicada ofrenda de mazás,
o alaranxado setembro nas dalías tan próximas,
o camiño alongado por costiñas
e soutos (caricia entre o lombo,
nádegas nítidas),
o antigo paso por alpes afiados
(está arribando
este cumio exquisito),
as maceiras xa vellas das lembranzas pasadas,
os ourizos que caen entre os fentos,
as silveiras orlando valos e máis sombras,
a folla avermellada da viña (vello
entre os liques, fontenla de sal),
os cálidos raios dun outubro inaudito,
a carballeira longa
que esvara sobre o monte,
os socalcos sollios,
as ras na puza abandonada (feixes de humidade,
medas sombrizas), as rafias fortes coas que
anoar sementes,
os principios dos calacús,
a penetrante resina dos cedros,
os xardíns cultivados nas pendentes,
as palmeiras vizosas,
as cortiñas das peras amareladas e doces,
os froitos espaxados entre as árbores,
as buganvileas malditas en vivendas desoladas.
Co teu corpo, habitarei silencios
e días
(compañeiro radiante).*



Lucía Novas

da", pois a autora tiña naquel intre pouco máis de vinte anos e descubríase alí unha voz que afina as súas notas poéticas no vidro finísimo da sensibilidade erótica, dialogando en delicadeza rilkeana co amor albiscado e sentido: o verbo carnal e comunicante, aromas de intensa sensualidade, sabores culminantes da tenrura, o tacto sensitivo do desexo e as materias incandescentes da beleza.

Na actualidade Lucía Novas é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo, ten participado en diversas publicacións colectivas, recibido diferentes galardóns poéticos e continúa a explorar as dimensións do eros como realidade luminosa e vital, raíz profunda e palpitante. Foi precisamente Goethe, aquel

sabio de Francfort am Main, quen dixo aquilo de "Impere, pois, o Eros, que é a orixe de todo". E Octavio Paz, establecendo relacións entre erotismo e poesía, concibe o primeiro como unha poética corporal e a segunda como unha erótica verbal: "A poesía erotiza a linguaxe e o mundo, porque ela mesma, no seu modo de operación, é xa erotismo".

No poema inédito de Lucía Novas que presentamos hoxe faise realidade plena a se seguinte afirmación do autor de *La llama doble*: "O erotismo implica 'sede de outredade'", ou, como diría Denis de Rougemont, o erotismo é un desexo sen fin.

O eu poético da autora, neste caso, diríxese ao 'compañeiro radiante' -"Co teu corpo, habitarei silencios/e días"- e realiza un percorrido sensorial e sensitivo polo corpo-natureza do amado, topografías do amor, esa outredade compartida. A poeta comparte e devora as chamas voluptuosas -a 'chama dobre', que diría Octavio Paz- que Eros designa e nomea no camiño ascendente da poetización erótica ou corporal da realidade. Así se enfían no poema os 'pétalos devorados', os 'alpes afiados', a 'folla avermellada da viña' e 'as cortiñas das peras amareladas e doces', lugares todos eles da poetización erótica do corpo, referencias dun mapa tremeluciente de creación sensual e experiencia amorosa. Mais fixémonos nun dos últimos versos do poema: "(...) as buganvileas malditas en vivendas desoladas".

Tamén elas están presentes no paraíso. Son a sombra do poema. Mais non poden coa luz futura, cos días luminosos, coa outredade sen fin do 'compañeiro radiante'. A profecía de Goethe.

Cando Lucía Novas (Bueu, 1979) publica o seu primeiro libro, *Epiderme de estío* (Premio de Poesía Concello de

Carral, 2000), eu vin naquel momento os seus versos inscritos na "arxila rosada da vida e no eco dunha lúcida adolescencia disipa-